

## ADDENDA Nº 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURA E O CONCELLO DE POIO PARA A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-308 O SEU PASO POLO CONCELLO DE POIO. 1ª FASE

### REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización desta addenda polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Ángel Moldes Martínez, na súa condición de alcalde do Concello de Poio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

O 28 de xaneiro de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Poio para o acondicionamento do treito inicial da estrada autonómica PO-308 entre a Ponte da Barca e o punto quilométrico 0+480.

O orzamento necesario para a execución das obras estímase nun millón setecentos trinta e catro mil novecentos trinta euros con trinta e dous céntimos (1.734.930,32 €) IVE incluído, asumido polas dúas administracións.

De conformidade coas cláusula terceira o Concello de Poio comprometeuse a achegar o 30% do total do importe estimado das obras, 520.479,10 €, de acordo coa seguinte distribución:

2025 .....	156.143,73
2026.....	364.335,37



A Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse na cláusula cuarta a financiar o 70% da actuación, ata un máximo de 1.214.451,22 € con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

2025..... 364.335,36

2026..... 850.115,86

Con data 14 de outubro de 2025 o Concello de Poio solicita unha addenda para modificar as cláusulas referentes ao investimento que cada unha das administracións debe de soportar en cada anualidade, en función da porcentaxe establecida.

Basea a súa solicitude en que as obras descorren no tramo inicial da Ponte da Barca cunha elevada IMD que motivou, coa finalidade de garantir a seguridade viaria, a paralización das mesmas nos meses de xullo, agosto e ata o 12 de setembro, data na que se retomaron. Razón pola que solicitan reaxustar as obrigas presupostarías para a anualidade en curso, modificando as cláusulas terceira e cuarta, de conformidade co ritmo de execución das obras. E propoñen a seguinte distribución:

Anualidade	Axencia Galega de Infraestruturas. Importe € .	Concello de Poio. Importe €
2025	146.151,72	62.636,45
2026	1.068.299,50	457.842,65

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo en consecuencia,

### ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, co fin de modificar a cláusula terceira e a cláusula cuarta, no sentido que se indica a continuación:

### TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE POIO

Modifícase o punto 2 dos compromisos e mantense o contido do resto da cláusula.



2. Achegar o 30% do total do importe estimado das obras, **cincocentos vinte mil catrocentos setenta e nove euros con dez céntimos (520.479,10 €)**, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	62.636,45
2026	457.842,65
<b>TOTAL</b>	<b>520.479,10</b>

#### CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar o 70% dos gastos do orzamento de execución das obras, destinando para iso ata un máximo **dun millón douscentos catorce mil catrocentos cincuenta e un euros con vinte e dous céntimos (1.214.451,22 €) IVE incluído** con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	146.151,72
2026	1.068.299,50
<b>TOTAL</b>	<b>1.214.451,22</b>

E, para que así, conste e en proba de conformidade asinan electronicamente o presente documento.

*A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue*

*O alcalde do Concello de Poio, Ángel Moldes Martínez*

